



NORMAS REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DE ASESORES EXPERTOS

Aprobado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación
(CGIACA) na súa xuntanza do 30 de setembro de 2009

ÍNDICE

1. OBJETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DO DOCUMENTO
2. DEFINICIÓN ESPECÍFICAS
3. DESCRICIÓN

1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DO DOCUMENTO

O presente procedemento ten por obxecto establecer o método seguido pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) para xestionar e elixir adecuadamente aos avaliadores e expertos, así como definir e establecer os criterios para a formación dos diferentes comités de avaliación, que se requiran nas actividades que realice a ACSUG.

2. DEFINICIÓNS ESPECÍFICAS

- **Avaliación:** Proceso para determinar o valor de algo e emitir un xuízo ou diagnóstico.
- **Avaliador ou experto:** Persoa que forma parte dos diferentes comités de avaliación que se establecen na realización das actividades da ACSUG.
- **Comité de avaliación:** Grupo de persoas designadas para realizar as actividades de avaliación que se lle encomenden segundo os procedementos establecidos en cada caso.

3. DESCRICIÓN

3.1. INCLUSIÓN E XESTIÓN DE AVALIADORES NAS BASES DE DATOS.

A CGIACA servirse da bases de datos informatizada da que dispón a ACSUG, na cal estarán incluídos todos os datos das persoas que desexan colaborar coa ACSUG nas actividades e procesos de avaliación que se leven a cabo. A base de datos cumprirá con toda a lexislación vixente e seguridade requirida no tema de protección de datos.

As persoas que teñen os seus datos incluídos se responsabilizan da súa adecuación e actualización e a ACSUG se encargará da adecuada xestión e mantemento informático da base de datos.

3.2. ESTRUCTURA E COMPOSICIÓN DOS COMITÉS.

Cando se precise a formación dun comité avaliador para as actividades que realice a ACSUG, se terá en conta en xeral para a súa composición:

- a) Guías, normas ou lexislación aplicable en cada caso.
- b) Natureza da avaliación a realizar.
- c) Número de expedientes ou avaliacións a realizar.

- d) Posible agrupación de áreas de coñecemento.
- e) Prazo en que se deben facer as avaliacións.

As características específicas dos comités de avaliación das diferentes actividades desenvolvidas pola ACSUG, regularanse nos correspondentes protocolos de avaliación, informe, certificación e acreditación que correspondan para o desempeño de funcións que ten atribuída a CGIACA.

3.3. CRITERIOS XERAIS DE SELECCIÓN DE AVALIADORES.

Segundo o número e tipo de avaliadores requiridos para a avaliación en cuestión, se elixirán tendo en conta os seguintes criterios xerais:

- a) Os avaliadores se designarán principalmente entre o colectivo de persoas incluídas na base de datos da ACSUG de posibles avaliadores. No caso de datos de persoas cedidos por outras axencias de calidade ou outros organismos cumprírase sempre co indicado na lexislación vixente no tema de protección de datos. Neste caso, a ACSUG establecerá contacto co avaliador para indicarlle se está interesado en participar no proceso de avaliación e para que inscriba os seus datos na base informatizada.
- b) Criterio de Idoneidade: Os avaliadores pertencerán, dentro do posible, ás áreas de coñecemento ou colectivos profesionais adecuados segundo a natureza da avaliación.
- c) Criterio de experiencia docente e investigadora: Nos casos en que sexa pertinente se requirirá aos avaliadores unha experiencia concreta en docencia e investigación.
- d) Criterio de experiencia: Valorarase a participación en procesos de avaliación de similares características e noutros procesos de avaliación.
- e) Criterio de non coincidencia: por formar parte doutro comité de avaliación que imposibilite a participación na avaliación.
- f) Criterio de incompatibilidade por cargo: Se excluírán dos comités aquelas persoas que ocupen cargos que fagan incompatible a súa labor avaliadora.
- g) Criterio de dedicación: Se garantirá que o avaliador dispoña de tempo suficiente para realizar a avaliación en cuestión.
- h) Criterio de formación: Terase en conta a formación específica dos avaliadores segundo a natureza e características da avaliación. No caso de que os avaliadores non cumpran coa formación requirida, a ACSUG realizará esta formación necesaria.

- i) Criterio de paridade: Se intentará na medida do posible que os comités estean formados polo mesmo número de homes que de mulleres.
- j) Criterio de pluralidade: Se tratará na medida do posible que cada comité estea formado por avaliadores de distintas áreas de coñecemento e colectivos profesionais.
- k) Criterio de representación territorial: No caso de requirirse avaliadores de fóra de Galicia, se procurará que os membros dos Comités sexan de diferentes Comunidades Autónomas.
- l) Criterio de compromiso ético: Os membros dos comités aceptarán as condicións específicas para formar parte do mesmo, segundo o establecido no “Compromiso de confidencialidade e colaboración” e outra documentación e guías relativas ao proceso de avaliación.

3.4. PUBLICIDADE DA COMPOSICIÓN DOS COMITÉS.

A composición dos comités será publicada na páxina web da ACSUG, como mostra da transparencia das actividades levadas a cabo.

3.5. FORMACIÓN/INFORMACIÓN AOS COMITÉS.

Un aspecto decisivo dos comités é que posúan a formación e información necesaria para realizar correctamente a súa tarefa de avaliación. Polo tanto, en cada caso particular dos comités se establecerán as xornadas de formación e información necesarias.

3.6. PERÍODO DE FUNCIONAMENTO DO COMITÉ.

Os comités avaliadores estarán en funcionamento o tempo necesario para a realización total do seu traballo segundo o establecido nas diferentes actividades avaliadoras.

A responsabilidade dos resultados da avaliación continuará aínda despois de terminar o proceso avaliador.

3.7. CONTROL DO FUNCIONAMENTO DO COMITÉ.

Os comités de avaliación terán como base de funcionamento as guías e criterios establecidos para cada avaliación. A CGIACA controlará o correcto funcionamento dos comités segundo o establecido nas bases de cada proceso de avaliación.

3.8. NORMATIVA DE SUPLENCIAS E SUBSTITUCIÓNS.

Cando algún membro designado para formar parte dalgún comité non poida realizar este labor, a CGIACA designará outra persoa da base de datos de avaliadores que cumpra cos requisitos establecidos para formar parte do comité, contactando primeiramente coas persoas que formen parte da lista de agarda.

3.9. REMUNERACIÓNS E PAGO AOS COMITÉS.

3.9.1. Retribucións.

Os membros das comisións percibirán unhas retribucións que serán aprobadas polo Consello de Dirección da ACSUG. A información das retribucións estará dispoñible para a súa consulta e se gardará como rexistro dos procesos de avaliación.

3.9.2. Gastos por asistencia.

A ACSUG xestionará os servizos de aloxamento e desprazamento, así como a restauración durante os días de traballo presencial na ACSUG.

Para aqueles gastos soportados polos Asesores Expertos, se terá en conta o "Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizaciones por razón del servicio".

3.9.3. Procedemento administrativo.

Terminado o proceso de avaliación, a Sección de Asuntos Económicos da ACSUG remitirá vía correo electrónico a cada un dos Asesores Expertos un documento coa liquidación dos honorarios que correspondan. O pago se realizará unha vez recibida na ACSUG a liquidación debidamente asinada.

Se remitirá tamén un formulario para a xustificación daqueles gastos soportados polos Asesores Expertos. Será imprescindible a súa completa e correcta cumprimentación para que estes gastos poidan ser abonados.